



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Novembro 2019

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2019

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,6% en Galicia en novembro de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 3,0%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 1,7% e no Resto de produtos un 6,2%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas agás en Extremadura e Navarra.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,8% no mes de novembro de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España un 2,5%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,0% en Galicia e o 0,7% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en doce comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,6% en Galicia en novembro de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 3,0%.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 4,3% respecto a novembro de 2018. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 1,7% en Galicia, mentres que no conxunto de España este incremento é do 1,3%.
- O Resto de produtos rexistra un crecemento do 6,2% en Galicia, superando en máis dun punto o aumento do conxunto do Estado (5,0%).


Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 1,9%, e en España o 2,4%. As vendas en Alimentación incrementáanse en Galicia un 0,1% e aumentan un 1,4% en España; as vendas do Resto de produtos crecen un 3,2% en Galicia e un 3,3% no conxunto do Estado.

2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en novembro en todas as comunidades autónomas agás en Extremadura (-0,6%) e Navarra (-0,5%). Os maiores incrementos danse en Andalucía (4,9%), Cataluña (4,0%) e Cantabria (3,8%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, en todas as comunidades autónomas se incrementan as vendas. Os maiores crecementos rexístranse en Madrid (4,3%) e Andalucía (3,9%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de novembro de 2019, un incremento do 2,8% en Galicia e do 2,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 3,5% en Galicia e un 2,8% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 2,8% e no Resto de produtos un 4,0%. No conxunto do Estado, tanto as vendas en Alimentación como no Resto de produtos crecen un 2,8%.

Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	110,4	2,8	1,7
Xeral sen estacións de servizo	110,5	3,5	1,7
Alimentación	103,0	2,8	0,7
Resto	115,6	4,0	2,4

No acumulado do ano, o índice xeral crece un 1,7% en Galicia, taxa inferior á do conxunto de España (2,6%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,0% no mes de novembro en Galicia e do 0,7% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,8% en Galicia e un 1,0% no conxunto do Estado.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en novembro en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-0,9%) e en Canarias (-0,6%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (1,9%) e Comunitat Valenciana (1,6%).

No acumulado do ano, as taxas varían entre o 2,0% de Illes Balears e o 0,0% de Asturias e Extremadura.

Índice xeral de ocupación. Novembro 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	110,4	2,8	1,7	105,7	3,6	1,9
Xeral sen estacións de servizo	110,5	3,5	1,7	106,2	4,3	1,9
Alimentación	103,0	2,8	0,7	97,2	1,7	0,1
Resto	115,6	4,0	2,4	112,9	6,2	3,2
España						
Xeral	113,2	2,5	2,6	108,5	3,0	2,4
Xeral sen estacións de servizo	113,2	2,8	2,5	109,1	3,3	2,5
Alimentación	108,5	2,8	2,4	101,9	1,3	1,4
Resto	116,8	2,8	2,5	114,9	5,0	3,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,2	2,5	2,6	108,5	3,0	2,4
Andalucía	114,0	4,2	3,7	109,8	4,9	3,9
Aragón	111,6	2,6	1,2	107,2	3,4	1,2
Asturias	105,1	-0,2	0,2	100,8	0,7	0,2
Balears, Illes	104,1	0,6	2,2	100,6	1,3	2,5
Canarias	117,4	0,8	1,1	113,4	1,9	1,1
Cantabria	104,9	3,3	1,0	99,8	3,8	0,7
Castilla y León	105,4	0,6	1,5	100,7	0,8	1,0
Castilla-La Mancha	111,6	0,9	2,6	106,4	1,4	2,5
Cataluña	109,9	3,7	2,4	104,1	4,0	2,1
Comunitat Valenciana	111,2	3,0	1,9	107,8	3,6	2,0
Extremadura	102,6	-1,1	0,1	99,2	-0,6	0,2
GALICIA	110,4	2,8	1,7	105,7	3,6	1,9
Madrid	126,2	2,1	4,8	121,0	2,4	4,3
Murcia, Región de	112,0	2,7	2,8	108,0	3,1	2,9
Navarra	109,4	0,0	1,9	103,8	-0,5	1,0
País Vasco	112,3	2,1	1,7	106,8	2,0	1,3
Rioja, La	112,5	2,4	1,6	106,7	2,2	0,9
Ceuta	108,3	0,8	-0,8	104,7	0,9	-0,7
Melilla	111,7	1,4	0,1	108,3	3,1	1,0

Fonte: INE

Cadro 3. Índices de ocupación. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,0	1,0	0,8
Xeral sen estacións de servizo	103,6	0,9	0,8
España			
Xeral	105,3	0,7	1,0
Xeral sen estacións de servizo	105,3	0,7	0,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,3	0,7	1,0
Andalucía	102,4	0,3	0,7
Aragón	104,5	0,9	0,8
Asturias	105,7	-0,9	0,0
Balears, Illes	108,7	1,9	2,0
Canarias	109,9	-0,6	0,9
Cantabria	102,5	0,0	0,7
Castilla y León	104,3	1,0	1,3
Castilla-La Mancha	102,7	0,7	0,8
Cataluña	104,3	0,5	1,1
Comunitat Valenciana	109,1	1,6	1,4
Extremadura	103,3	0,0	0,0
GALICIA	104,0	1,0	0,8
Madrid	107,4	1,4	1,1
Murcia	105,6	0,8	1,1
Navarra	104,2	0,2	1,4
País Vasco	103,6	0,0	0,6
Rioja, La	107,4	1,1	0,7
Ceuta	103,6	-1,2	-0,6
Melilla	104,8	-0,5	0,4

Fonte: INE